



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Pola Presidencia desta Excma. Deputación Provincial, con data once de outubro de dous mil dezanove, ditouse a Resolución que textualmente di o seguinte:

“Tendo en conta que, debido a cuestións de axenda e ó cumprimento de determinados compromisos ineludibles cos distintos Concellos da provincia, no día de hoxe esta Presidencia estará ausente da sede da Deputación Provincial.

Asi mesmo a Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón ten comunicado que no día de hoxe non asistirá ao Palacio Provincial por motivos de asistencia a outros actos.

Por todo elo, dado que no día de hoxe non se encontran no Palacio Provincial nin o Presidente nin a Vicepresidenta, e co obxecto de que a actividade e o bo funcionamento dos servizos desta Institución non sufra ningún retraso e polo tanto se produza de xeito normal e ordinario, esta Presidencia; ao amparo do disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e demais lexislación aplicable, **RESOLVE:**

Delegar as atribucións que lle corresponden á Presidencia desta Excma. Deputación, na Deputada Provincial D^a. M^a. del Pilar García Porto, únicamente durante a xornada da mañá do día de hoxe, once de outubro de dous mil dezanove, por encontrarse ausentes tando o Presidente como a Vicepresidenta”.

O que se fai público para os efectos oportunos.

Lugo, once de outubro de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3075

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Solicitada licencia municipal por don Miguel Angel Gomez Vázquez para regularización de Cemiterio da parroquia de Miranda, deste municipio, sométese o expediente incoado a información pública, por prazo de vinte días.

Obra.: Regularización de cemiterio.

Solicitante: Miguel Angel Gómez Vázquez.

Localización.: Miranda-Castroverde

Uso solicitado: Cemiterio

Altura: Menor de 3 de m.

Ocupación: cemiterio dentro da parcela: 433 m2. (43%)

Horario de consulta: de luns a venres laborais , de 9 a 14 horas.

Castroverde, 7 de outubro de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3015

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 4º BIMESTRE DO EXERCICIO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta do Goberno Local do día 30.09.2019 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do cuarto bimestre do exercicio 2019 (xullo-agosto).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 25.10.2019 ata o 26.12.2019.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 2 de outubro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2991

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de setembro do 2019, acordou inciar o expediente de desafectación do ben inmovible situado na Avenida de Galicia núm. 77, como trámite previo á cesión ao Ministerio do Interior para a utilización como Comisaría.

O expediente queda exposto ao público polo prazo dun mes, contado a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no art. 8.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, será efectiva a desafectación e proseguirase o expediente de cesión. O expediente poderá consultarse na Secretaría Xeral do Concello de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos, 9 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3064

O PÁRAMO

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario data 14 de agosto de 2019, sobre suplemento de crédito financiado con cargo a o remanente líquido de tesourería, como segue a continuación:

Estado de gastos

Aplicación		Descrición	Suplemento de crédito
Progr.	Económica		
165	221	Alumeado público.Materiais e suministro eléctrico	2.611,01
161	221	Abastecemento domiciliario de auga potable. Suministros	2.528,85
920	221	Administración Xeral.Suministros	267,72
912	100	Órganos de goberno	10.326,76
912	160	Seguridade Social	2.815,34
241	609	Obradoiro de emprego	23.210,19
453	210	Carreteras. Reparacións, mantemento e conservación	25.000,00
453	640	Carreteras. Proxectos	8.000,00
TOTAL			74.759,87

Esta modificación finánciase con cargo a o remanente líquido de tesourería nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Concepto	Descrición	Importe
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	74.759,87 €

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Páramo, 27 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Luis López López.

R 2992

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 14 de agosto de 2019, sobre TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, como segue a continuación:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Importe da modificación de crédito
Progr.	Económica		
453	619	Carreteras. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	60.557,11
453	210	Carreteras. Reparacións, mantemento e conservación infraestructuras e bens naturais	2.408,64
171	619	Reposición de infraestructuras	2.562,00
TOTAL			65.527,75

Baixas ou Anulacións

Aplicación		Descrición	Importe da modificación de crédito
Progr.	Económica		
333	609	Equipamentos culturais e museos. Inversión nueva en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	65.527,75
TOTAL			65.527,75

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Páramo, 27 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 2993

A PASTORIZA*Anuncio*

DECRETO DO SR. ALCALDE - PRESIDENTE DON PRIMITIVO IGLESIA SIERRA. // En A Pastoriza, a 08 de outubro de 2019.-

Delegación da Alcaldía no concelleiro don Constantino Fernández Leira.

Recibida convocatoria do IES Fomiña para reunión do consello escolar para o día 9 de outubro e non podendo asistir, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar no concelleiro don Constantino Fernández Leira, a asistencia a reunión do consello escolar que se celebrará o día, 9 de outubro de 2019, ás 12:15 horas no Instituto Educación Secundaria Fomiña.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Así o mandou o Sr. Alcalde - Presidente, do que eu, Secretaria do Concello da Pastoriza, certifico.

R. 3030

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 24/2019. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/09/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 24/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de persoal, fixando o importe máximo en concepto de produtividade a repartir para 2019.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 1 de outubro de 2019.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 2994

*Anuncio***APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

En cumprimento do establecido no artigo 26.1 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, faise pública a aprobación dun Plan económico-financeiro polo Pleno desta Corporación en sesión de data 24/09/2019, a efectos puramente informativos.

Do mesmo xeito, de acordo co apartado 2 dese mesmo artigo, o plan estará a disposición dos interesados na sé electrónica deste Concello [<http://ribadeo.sedelectronica.gal>].

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018

Plan Económico-Financeiro elaborado aos efectos do cumprimento da regra do gasto.

Índice:

1. Introducción
2. Contido e tramitación
3. Situación actual. Diagnóstico económico-financeiro
4. Causas do incumprimento da regra do gasto.
5. Plan Económico-Financeiro 2019-2020
6. Conclusión

1. INTRODUCCIÓN.

A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por estabilidade orzamentaria das AAPP a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da regra do gasto, aos efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade.

Por DECRETO Número: 2019-0126 Data: 21/02/2019 aprobose a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2018. Coa mesma data, emitiuse Informe de Intervención, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto, onde se pon de manifesto o cumprimento do

obxectivo de estabilidade orzamentaria por importe de 959.874,47 € e o incumprimento da Regra de Gasto por un importe de 510.012,77 €. No propio informe poñíase de manifesto a necesidade de formular un Plan Económico Financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira ou da regra de gasto de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

Sinala o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos citados ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo

De acordo co artigo 21.2 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos. O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Pola súa banda, o artigo 116 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local sinala o seguinte:

“Adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.*
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.*
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.*
- d) Racionalización organizativa.*
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.*
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.”*

Á tramitación refírese o artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira cando preceptúa que *“os plans económico-financeiros e os plans de reequilibrio serán presentados, previo informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos supostos en que resulte preceptivo, #ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ou se aprecien as circunstancias previstas no artigo 11.3, respectivamente. Estes plans deberán ser aprobados polos devanditos órganos no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento ou da apreciación das circunstancias previstas no artigo 11.3.*

No cómputo do prazo máximo dun mes previsto anteriormente non se computará o tempo transcorrido entre a solicitude e a emisión do informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

(...)

4. Os plans económico-financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán estar aprobados polo Pleno da Corporación.

(...)

Os plans económico-financeiros remitiranse para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local. Darase a estes plans a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

5. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos plans económico-financeiros, aos plans de reequilíbrio e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.”

No caso que nos ocupa, este prazo veuse afectado pola constitución da Corporación e dos seus correspondentes órganos, unha vez celebradas as eleccións municipais de maio de 2019

3. SITUACIÓN ACTUAL. DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

3.1. ANÁLISE DA ESTRUTURA ECONÓMICA DO CONCELLO: EVOLUCIÓN DE INGRESOS Y GASTOS

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica deste Concello analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2016, 2017 e 2018, xa que a análise da evolución de ingresos e gastos nestas anualidades pode permitir obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento da regra de gasto.

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	D.R.N 2016	D.R.N 2017	%	D.R.N 2018	%
1. Impuestos directos	2.688.606,47 €	2.761.147,07 €	2,70%	3.472.176,30 €	25,75%
2. Impuestos indirectos	127.055,17 €	101.071,09 €	-20,45%	128.622,60 €	27,26%
3. Tasas otros ingresos	2.592.890,32 €	2.401.112,38 €	-7,40%	2.135.956,75 €	-11,04%
4. Transf. corrientes	3.054.389,98 €	3.205.439,67 €	4,95%	3.491.371,95 €	8,92%
5. Ingresos patrimoniales	9.273,29 €	11.447,80 €	23,45%	11.648,23 €	1,75%
6. Enajen.inversións reales	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%
7. Transf. de capital	1.220.854,77 €	690.887,65 €	-43,41%	1.021.350,70 €	47,83%
8. Activos financeiros	12.900,00 €	6.200,00 €	-51,94%	18.720,00 €	201,94%
9. Pasivos financeiros	216.637,85 €	252.981,29 €	16,78%	381.785,00 €	50,91%
TOTAL	9.922.607,85 €	9.430.286,95 €	-4,96%	10.661.631,53 €	13,06%

O total de recursos liquidados no ano 2018 situouse en 10.661.631,53 € euros, experimentando un incremento do 13,06%, con respecto ao 2017, ano no que pola contra tivo lugar unha diminución en relación con 2016.

Os capítulos con máis importancia relativa son os de ingresos correntes, concretamente impostos directos, taxas e outros ingresos e transferencias correntes (Cap. 1, 3 e 4).

As cifras de ingresos manteñen con carácter xeral poucas variacións no prazo analizado, observándose o incremento continuo do capítulo 4 debido sobre todo á evolución da PIE nestes anos. Onde se atopan as maiores alteracións son no capítulo 7, que se ve afectado polas axudas de capital obtidas doutras administracións, que experimentou un crecemento do 47,83 % no último lapso temporal e sobre todo o capítulo 1, xa que aínda que porcentualmente sexa menor, 25,75 %, na súa contía é moi importante supoñendo 711.029,29 €. Esta diferenza orixínase no ingreso en 2018 de importes de IBI urbana que proveñen dunha regularización catastral iniciada en 2015, e que non terá continuidade en exercicios futuros.

GASTOS PRESUPUESTARIOS	O.R.N 2016	O.R.N 2017	%	O.R.N 2018	%
1. Gastos de personal	3.514.209,73 €	3.715.311,23 €	5,72%	4.004.885,10 €	7,79%
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	3.208.049,74 €	3.135.713,61 €	-2,25%	3.116.853,23 €	-0,60%
3. Gastos financieros	73.231,99 €	35.661,66 €	-51,30%	5.762,00 €	-83,84%
4. Transfer. Corrientes	189.266,14 €	137.287,31 €	-27,46%	197.314,72 €	43,72%
5. Fondo de Contingencia	- €	- €	0,00%	0,00 €	0,00%
6. Inversiones reales	1.361.489,78 €	1.255.187,56 €	0,00%	1.941.015,58 €	54,64%
7. Transfer. de capital	173.086,11 €	71.730,42 €	-58,56%	0,00 €	-100,00%
8. Activos financeiros	12.900,00 €	6.200,00 €	-51,94%	18.720,00 €	201,94%
9. Pasivos financeiros	645.538,51 €	802.673,33 €	24,34%	652.089,91 €	-18,76%
TOTAL	9.177.772,00 €	9.159.765,12 €	-0,20%	9.936.640,54 €	8,48%

No ano 2018 líquidáanse obrigas por importe de 9.936.640,54 €, o que supón un incremento do 8,48 % con respecto ao 2017.

Por capítulos, os gastos de maior importancia son os correspondentes a gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (Cap. 1 e 2). O primeiro experimenta un incremento importante, en 2018, do 7,79 %, que

case supón 300.000,00 €, mentres que o segundo se estabiliza con respecto ao exercicio precedente. Con todo, o maior incremento dáse no capítulo 6, Investimentos reais, que alcanza un 54,64 %, respecto ao 2017.

Por outra banda o capítulo 9, Pasivos financeiros, sofre unha importante redución, parella á diminución das contías das operacións de crédito vixentes. O capítulo 3, xuros, tamén diminúe, debido á situación de baixos tipos de xuro da economía e aos importes cada vez menores de capital vivo dos préstamos

3.2. ANÁLISE DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES FINANCEIRAS

Para completar o estudo da estrutura económica deste Concello analízase a evolución das principais variables financeiras nos 3 últimos exercicios liquidados, 2016, 2017 e 2018

3.2.1. REMANENTE DE TESOURERÍA

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	IMPORTES ANO 2018		IMPORTES ANO 2017		IMPORTES ANO 2016	
1. Fondos líquidos		1.881.343,84		1.140.972,19		627.961,37
2. Dereitos pendentes de cobro		3.938.857,54		3.996.610,42		4.154.424,37
Do orzamento corrente	811.466,91		875.926,89		1.133.417,79	
De orzamentos pechados	3.045.335,04		3.039.743,46		2.940.210,53	
De operacións non orzamentarias	82.055,59		80.940,07		80.796,05	
3. Obrigas pendentes de pago		804.948,39		849.456,87		769.320,18
Do orzamento corrente	285.054,00		336.453,14		359.190,64	
De orzamentos pechados	257.392,98		252.111,99		180.007,16	
De operacións non orzamentarias	262.501,41		260.891,74		230.122,38	
4. Partidas pendentes de aplicación		93.634,40		95.770,66		100.309,01
-(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	28.978,13		26.841,87		22.547,06	
-(+)- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	122.612,53		122.612,53		122.856,07	
I. Remanente de Tesouraría total (1+2-3+4)		5.108.887,39		4.383.896,40		4.113.374,57
II Saldos de dubidoso cobro		2.374.968,17		2.334.577,52		2.176.215,34
III. Exceso de financiamento afectado		562.749,20		388.260,09		436.425,88
IV. Remanente de Tesouraría para gastos xerais (I-II-III)		2.171.170,02		1.661.058,79		1.500.733,35

O Remanente de Tesourería é un indicador da liquidez da entidade. Cando mostra valores positivos é un excedente financeiro acumulado dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros. O remanente de tesourería ten unha contía importante, e mantense en crecemento durante os últimos anos.

Os fondos líquidos teñen unha contía crecente ao longo do tempo. Este feito posto en relación coas obrigas pendentes de pago a fin de exercicio, que teñen unha contía reducida e dos períodos medios de pago a provedores, que se manteñen en niveis curtos, sempre dentro do período máximo, indícanos unha saneada situación da tesourería.

3.2.2. AFORRO NETO

O artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais recolle a definición do "Aforro Neto" do seguinte xeito:

"A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os xuros e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación.

Considérase aforro neto nos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo os resultados correntes do exercicio e, nas sociedades mercantís locais, os resultados da actividade ordinaria, excluídos os intereses de préstamos ou empréstitos, en ambos casos, e minorados nunha anualidade teórica de amortización, tal e como se define no parágrafo anterior, igualmente en ambos casos.

No aforro neto non se incluírán as obrigas recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesourería.

Non se incluírán no cálculo das anualidades teóricas, as operacións de crédito garantidas con hipotecas sobre bens inmoables, en proporción á parte do préstamo afectado por devandita garantía.

Se o obxecto da actividade do organismo autónomo ou sociedade mercantil local, é a construción de vivendas, o cálculo do aforro neto obterase tomando a media dos dous últimos exercicios."

ANO 2016

RATIO AFORRO NETO		
CAPÍTULOS	CONCEPTO	IMPORTE
Orzamento de Ingresos		Dereitos Recoñecidos
1	Impostos Directos	2.688.606,47
2	Impostos Indirectos	127.055,17
3	Taxas e outros ingresos	2.592.890,32
4	Transferencias Correntes	3.054.389,98
5	Ingresos Patrimoniais	9.273,29
	Total (a)	8.472.215,23
Orzamento de Gastos		Obrigas Recoñecidas
1	Gastos de Persoal	3.514.209,73
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.208.049,74
4	Transferencias Correntes	189.266,14
	Total (b)	6.911.525,61
	Obrigas financiadas con RLTX*	263.739,20
	Total (b*)	6.647.786,41
	Diferenza (a-b*)	1.824.428,82
	Anualidade Teórica Amortización	400.810,64
	AFORRO NETO	1.423.618,18
	Ratio Aforro Neto (AN/a x100)	16,80%

ANO 2017

Cap. Ingresos Corrientes	DERECHOS RECONOCIDOS	Cap. Gastos Corrientes (1,2 Y 4)	Obligaciones reconocidas
1 Impuestos directos	2.761.147,07	1 Gastos de personal	3.715.311,23
2 Impuestos indirectos	101.071,09	2 Gastos corrientes en bienes y servicios	3.135.713,61
3 Tasas, precios públicos y otros ingresos	2.401.112,38		
4 Transferencias corrientes	3.205.439,67	4 Transferencias corrientes	137.287,31
5 Ingresos patrimoniales	11.447,80		
Total ingresos corrientes	8.480.218,01	Total gastos capitulos 1, 2 y 4	6.988.312,15
(-) Ingresos corrientes afectados a gastos de capital	292.570,01	(-) Gastos financiados con RLT*	56.222,77
A INGRESOS CORRIENTES AJUSTADOS	8.187.648,00	B GASTOS CORRIENTES AJUSTADOS	6.932.089,38
AB AHORRO BRUTO = A - B			1.255.558,62
ATA ANUALIDAD TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN			337.156,08
AN AHORRO NETO = AB - ATA			918.402,54

ANO 2018

Cap. Ingresos Corrientes	DERECHOS RECONOCIDOS	Cap. Gastos Corrientes (1,2 Y 4)	Obligaciones reconocidas
1 Impuestos directos	3.472.176,30	1 Gastos de personal	4.004.885,10
2 Impuestos indirectos	128.622,60	2 Gastos corrientes en bienes y servicios	3.116.853,23
3 Tasas, precios públicos y otros ingresos	2.135.956,75		
4 Transferencias corrientes	3.491.371,95	4 Transferencias corrientes	197.314,72
5 Ingresos patrimoniales	11.648,23		
Total ingresos corrientes	9.239.775,83	Total gastos capitulos 1, 2 y 4	7.319.053,05
(-) Ingresos corrientes afectados a gastos de capital	476.230,58	(-) Gastos financiados con RLT*	58.276,99
A INGRESOS CORRIENTES AJUSTADOS	8.763.545,25	B GASTOS CORRIENTES AJUSTADOS	7.260.776,06
AB AHORRO BRUTO = A - B			1.502.769,19
ATA ANUALIDAD TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN			350.547,26
AN AHORRO NETO = AB - ATA			1.152.221,93
AN AHORRO NETO = AB - ATA en %			13,15%

O Municipio presenta aforro neto positivo de forma continua nos últimos anos, e en cifras importantes, que se achegan ou superan o millón de euros en tódolos casos. Isto indícanos que non se están a financiar gastos financeiros con ingresos financeiros ou de capital, é dicir que, os ingresos correntes son suficientes para afrontar os gastos correntes, así como os de amortización dos préstamos e créditos vixentes en cada momento.

3.2.3. ANÁLISE DA SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

VOLUME DE ENDEBEDAMENTO.

ANO 2016

(+) Ingresos correntes ordinarios liquidados nos capítulos 1 a 5 do Orzamento	8.472.215,23
(-) Ingresos correntes non ordinarios	0,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	8.472.215,23
VOLUME DE DÉBEDA VIVA A 31/12/2016:	1.781.823,59
Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:	21,03%

ANO 2017

(+) Ingresos correntes ordinarios liquidados nos capítulos 1 a 5 do Orzamento	8.480.218,01
(-) Ingresos correntes non ordinarios	292.570,01
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	8.187.648,00
VOLUME DE DÉBEDA VIVA A 31/12/2017:	1.064.889,58
Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:	13,01%

ANO 2018

(+) Ingresos correntes liquidados nos capítulos 1 a 5	9.239.775,83
(-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios	476.230,58
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	8.763.545,25
VOLUME DE DÉBEDA VIVA a 31.12.2018:	
Préstamos a curto prazo	0,00
Préstamos a longo prazo	844.094,96
Débeda co FFPP	0,00
Risco por operacións avaladas	0,00
DÉBEDA VIVA TOTAL A 31/12/2018	844.094,96
Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:	9,63%

O nivel de débeda bancaria así calculado estaría tódalas anualidades consideradas amplamente por baixo do 110% dos ingresos correntes liquidados, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e tamén do 75% dos ingresos correntes liquidados a que fai referencia a Disposición Adicional 74ª da LPXE para 2014, que marca a necesidade ou non de autorización para o endebedamento. Ademais disto, compróbase que ten lugar unha continua redución do volume de endebedamento, o que cadra tamén cos importes que figuran no capítulo 9 dos orzamentos de gastos, que amosan importantes amortizacións de capital nas anualidades analizadas.

PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E DÉBEDA COMERCIAL

A modificación da LOEPSF pola Lei Orgánica 9/2013 supón a introdución dunha nova Regra fiscal de obrigado cumprimento para as Administracións Públicas por aplicación do principio de sustentabilidade financeira que se reformula incluíndo no mesmo, ademais da débeda financeira, a débeda comercial, cuxo pago tense que verificar a través do indicador: **Período Medio de Pagamento**.

Este novo parámetro constitúe un indicador económico cuxo cálculo foi desenvolvido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

Os datos obtidos para o 4º Trimestre dos exercicios analizados, foron os seguintes:

TRIMESTRE CUARTO TRIMESTRE
AÑO 2016

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas *	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago *	Periodo Medio de Pago Trimestral *
11-27-051-AA-000	Ribadeo	6,88	15,08	7,63

TRIMESTRE CUARTO TRIMESTRE
AÑO 2017

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas *	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago *	Periodo Medio de Pago Trimestral *
11-27-051-AA-000	Ribadeo	(2,41)	21,57	0,68

TRIMESTRE CUARTO TRIMESTRE
AÑO 2018

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas *	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago *	Periodo Medio de Pago Trimestral *
11-27-051-AA-000	Ribadeo	2,91	48,41	3,9

E a débeda comercial da anualidade 2018 a seguinte:

Entidad		Eercicio 2018				
Código	Denominación	Deuda comercial corrente	Deuda comercial cerrados	Saldo 413	Total deuda comercial	PMP
11-27-051-AA-000	Ribadeo	63.300,32 €	55.800,77 €	110.211,63 €	229.312,72 €	3,91
TOTAL		63.300,32 €	55.800,77 €	110.211,63 €	229.312,72 €	3,91

3.2.5 OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2016	IMPORTES
a) Dereitos Recoñecidos capítulos. I a VII orzamento corrente	9.693.070,00
b) Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente	8.519.333,49
c) TOTAL (a - b)	1.173.736,51
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-376.132,94
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-139.519,19
4) Axuste por liquidación PIE-2008	15.027,12
5) Axuste por liquidación PIE-2009	34.378,80
6) Axuste por liquidación PIE-2013	76.117,82
7) Axuste por devengo de xuros	0,00
8) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
9) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-145.734,40
10) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	-20,00
12) Axuste Gastos de pago aprazado	0,00
13) Axuste consolidación transferencias con outras Administracións Públicas	0,00
d) Total axustes a liquidación 2016	-535.882,79
e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO(c - d)	637.853,72

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2017	IMPORTES
a) Previsión Derechos Reconocidos capítulos. I a VII presupuesto corriente	9.171.105,66
b) Previsión Obligaciones Reconocidas capítulos I a VII presupuesto corriente	8.350.891,79
c) TOTAL (a - b)	820.213,87
AJUSTES	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	-77.168,73
2) Ajustes recaudación capítulo 2	0,00
3) Ajustes recaudación capítulo 3	114.804,65
4) Ajuste por liquidación PIE-2008	15.027,12
5) Ajuste por liquidación PIE-2009	34.378,80
6) Ajuste por liquidación PTE de ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00
7) Ajuste por devengo de intereses	879,04
8) Ajuste por arrendamiento financiero	0,00
9) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	103.969,36
10) Ajuste por devoluciones de ingresos pendientes de imputar a presupuesto	0,00
11) Ajuste Gastos de pago aplazado	0,00
12) Ajuste consolidación transferencias con otras Administraciones Públicas	0,00
13) Ajuste ingresos obtenidos de la UE	-13.631,10
d) Total ajustes a liquidación 2017	178.259,14
e) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c - d)	998.473,01

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2018	IMPORTES
a) Previsión Derechos Reconocidos capítulos. I a VII presupuesto corriente	10.261.126,53
b) Previsión Obligaciones Reconocidas capítulos I a VII presupuesto corriente	9.265.830,63
c) TOTAL (a - b)	995.295,90

AJUSTES	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	-80.928,27
2) Ajustes recaudación capítulo 2	0,00
3) Ajustes recaudación capítulo 3	110.949,16
4) Ajuste por liquidación PIE-2008	15.027,12
5) Ajuste por liquidación PIE-2009	34.378,80
6) Ajuste por liquidación PTE de ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00
7) Ajuste por devengo de intereses	567,37
8) Ajuste por arrendamiento financiero	-53.219,01
9) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	-62.196,60
10) Ajuste por devoluciones de ingresos pendientes de imputar a presupuesto	0,00
11) Ajuste Gastos de pago aplazado	0,00
12) Ajuste consolidación transferencias con otras Administraciones Públicas	0,00
13) Ajuste ingresos obtenidos de la UE	0,00
d) Total ajustes a liquidación 2018	-35.421,43
e) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c - d)	959.874,47

Polo que respecta á estabilidade orzamentaria deducida da liquidación do orzamento de 2018, esta cifrouse en 959.874,47 €, verificándose o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e atopándose en cifras moi semellantes aos exercicios previos.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así, aplicáronse en 2018 os seguintes axustes:

- Axuste nos ingresos fiscais, para aplicar o criterio de caixa aos dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 3, que vén dado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos e a recadación total en caixa por estes ingresos, tanto do orzamento corrente como de orzamentos pechados. Realizouse un axuste positivo nos dereitos de 30.020,89 €.
- Axustes por liquidación negativa da PIE de 2008 e 2009 por importe de 49.405,92 €
- Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar a orzamento, pola diferenza entre o saldo inicial e final da conta 413, un axuste á baixa de 62.196,60 €.
- Axustes polo deveso de xuros nas operacións de crédito vixentes por importe de 567,37 €
- Axustes por unha operación de arrendamento financeiro para a adquisición dunha varredora por importe de 53.219,01 €

3.2.6. ANÁLISE DA REGRA DE GASTO.

Gasto computable liquidación 2016	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	8.446.101,50
2. Axustes SEC (2016)	145.734,40
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto xuros da débeda (1 +/- 2)	8.591.835,90
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-1.781.502,49
6. Inversións financeiramente sostibles (-)	0,00
7. Total Gasto computable Liquidación Orzamento 2016	6.810.333,41
Límite máximo de gasto obxectivo 2016 PEF vixente (no caso de telo aprobado)	6.965.954,01

SENTIDO DO INFORME:

Diferenza entre o límite da Regra de gasto e o Gasto computable Liquidación Orzto. 2016	-96.556,62
Diferenza entre o "Límite máximo de gasto obxectivo 2016 PEF vixente" e o Gasto computable liquidación Orzto. 2016	155.620,60
% Incremento Gasto computable 2016/2015	0,02

CÁLCULO DEL GASTO COMPUTABLE 2017

	Liquidación	2016
	Obligaciones Reconocidas	
(+) Capítulo 1: Gastos de personal		3.514.209,73 €
(+) Capítulo 2: Compra de bienes y servicios		3.208.049,74 €
(+) Capítulo 3: Gastos financieros		73.231,99 €
(+) Capítulo 4: Transferencias corrientes		189.266,14 €

	(+) Capítulo 5: Fondo de Contingencia		0,00 €
	(+) Capítulo 6: Inversiones		1.361.489,78 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital		173.086,11 €
	Suma de Gastos no Financieros (Cap 1 a 7):		8.519.333,49 €
	(-) Intereses de la deuda computados en capítulo 3 de gastos financieros		73.231,99 €
1	Empleos no Financieros (Cap 1 a 7)- Interese de la deuda:		8.446.101,50 €
2	Ajustes según SEC		145.734,40 €
3	Gastos financiados con fondos finalistas prodedente de otras AAPP´s		1.781.502,49 €
4	(+) Pagos por transferencias y otras operaciones internas a otras entidades que integran la Corporación Local		
	(a) Total Gasto Computable(a=1+2-3-4)		6.810.333,41 €
(z1)	Gastos Inversiones financieramente sostenibles	2016	0,00 €
(f1)	Total gasto computable descontadas inversiones sostenibles (a)-(z1)=(f1)	2016	6.810.333,41 €
	(b)Tasa de referencia de crecimiento del PIB para el año	2017	2,10%
	(c) Gasto computable incrementado por la tasa de referencia ((f1)*(1+b))		6.953.350,41 €
5	Cambios Normativos que supongan incrementos permanentes de la recaudación (Potestativo)Art 12.4 LOEPSF		0,00 €
6	Cambios Normativos que supongan decrementos permanentes de la recaudación (Obligatorio)Art 12.4 LOEPSF		0,00 €
	(d) LIMITE DE LA REGLA DE GASTO (c+5-6)		6.953.350,41 €

CÁLCULO DEL GASTO COMPUTABLE

		Liquidación	2017
		Obligaciones Reconocidas	
	(+) Capítulo 1: Gastos de personal		3.715.311,23 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bienes y servicios		3.135.713,61 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financieros		35.661,66 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias corrientes		137.287,31 €
	(+) Capítulo 6: Inversiones		1.255.187,56 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital		71.730,42 €
	Suma de Gastos no Financieros (Cap 1 a 7):		8.350.891,79 €
	(-) Intereses de la deuda computados en capítulo 3 de gastos financieros		35.661,66 €
8	Empleos no Financieros (Cap 1 a 7)- Interese de la deuda:		8.315.230,13 €
9	Ajustes según SEC		-103.969,36 €
10	Gastos financiados con fondos finalistas prodedente de otras AAPP´s		1.449.651,17 €
11	(+) Pagos por transferencias y otras operaciones internas a otras entidades que integran la Corporación Local		
	(e) Total Gasto Computable(e=8+9-10-11)		6.761.609,60 €
(z2)	Gastos Inversiones financieramente sostenibles	2017	0,00 €
(f2)	Total gasto computable descontadas inversiones sostenibles (e)-(z2)=(f2)	2017	6.761.609,60 €
	(g) Cumplimiento/Incumplimiento Regla de Gasto (d >= f2)	CUMPLE	
	(h) Porcentaje de Variación Gasto Computable 2016 y 2017 ((f2/f1)-1) antes de aplicar la tasa de referencia de crecimiento del PIB y los cambios normativos	-0,72%	

CÁLCULO DEL GASTO COMPUTABLE 2018

		Liquidación	2017
		Obligaciones Reconocidas	
	(+) Capítulo 1: Gastos de personal		3.715.311,23 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bienes y servicios		3.135.713,61 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financieros		35.661,66 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias corrientes		137.287,31 €
	(+) Capítulo 5: Fondo de Contingencia		0,00 €
	(+) Capítulo 6: Inversiones		1.255.187,56 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital		71.730,42 €
	Suma de Gastos no Financieros (Cap 1 a 7):		8.350.891,79 €
	(-) Intereses de la deuda computados en capítulo 3 de gastos financieros		35.661,66 €

1	Empleos no Financieros (Cap 1 a 7)- Interese de la deuda:	8.315.230,13 €
2	Ajustes según SEC	-103.969,36 €
3	Gastos financiados con fondos finalistas prodedente de otras AAPP´s	1.449.651,17 €
4	(+) Pagos por transferencias y otras operaciones internas a otras entidades que integran la Corporación Local	
	(a) Total Gasto Computable(a=1+2-3-4)	6.761.609,60 €
(z1)	Gastos Inversiones financieramente sostenibles	2017 0,00 €
(f1)	Total gasto computable descontadas inversiones sostenibles (a)-(z1)=(f1)	2017 6.761.609,60 €
	(b)Tasa de referencia de crecimiento del PIB para el año	2018 2,40%
	(c) Gasto computable incrementado por la tasa de referencia ((f1)*(1+b))	6.923.888,23 €
5	Cambios Normativos que supongan incrementos permanentes de la recaudación (Potestativo)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
6	Cambios Normativos que supongan decrementos permanentes de la recaudación (Obligatorio)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €
	(d) LIMITE DE LA REGLA DE GASTO (c+5-6)	6.923.888,23 €

CÁLCULO DEL GASTO COMPUTABLE

	Liquidación	2018
	Obligaciones Reconocidas	
	(+) Capítulo 1: Gastos de personal	4.004.885,10 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	3.116.853,23 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financieros	5.762,00 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias corrientes	197.314,72 €
	(+) Capítulo 6: Inversiones	1.941.015,58 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00 €
	Suma de Gastos no Financieros (Cap 1 a 7):	9.265.830,63 €
	(-) Intereses de la deuda computados en capítulo 3 de gastos financieros	5.762,00 €
8	Empleos no Financieros (Cap 1 a 7)- Interese de la deuda:	9.260.068,63 €
9	Ajustes según SEC	115.415,61 €
10	Gastos financiados con fondos finalistas prodedente de otras AAPP´s	1.753.694,99 €
11	(+) Pagos por transferencias y otras operaciones internas a otras entidades que integran la Corporación Local	
	(e) Total Gasto Computable(e=8+9-10-11)	7.621.789,25 €
(z2)	Gastos Inversiones financieramente sostenibles	2018 187.888,25 €
(f2)	Total gasto computable descontadas inversiones sostenibles (e)-(z2)=(f2)	2018 7.433.901,00 €
	(g) Cumplimiento/Incumplimiento Regla de Gasto (d >= f2)	INCUMPLE
	(h) Porcentaje de Variación Gasto Computable 2017 y 2018 ((f2/f1)-1) antes de aplicar la tasa de referencia de crecimiento del PIB y los cambios normativos	9,94%

Obsérvase xa que logo un incumprimento da regra do gasto na liquidación orzamentaria do exercicio 2018, por un importe de **510.012,77 euros**, o que supón unha variación do gasto computable do 9,94%, cando o permitido foi do 2,40%, que é o que dá orixe á formulación do presente plan.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así, aplicáronse os seguintes axustes no cálculo da regra de gasto en 2018:

- Arrendamento financeiro varredora 53.219,01 €
- Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a orzamento 62.196,60 €
- Gastos financiados con fondos finalistas 1.753.694,99 €
- Gastos en Inversións financeiramente sostibles (ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE DOUS VESTIARIOS NA CASA DAS ALGAS, MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE SAN VICENTE E VILELA (COVELAS), IGREXA (CEDOFEITA), A PALMEIRA, CHAO DE OVE E A GRAÑA (OVE), IGREXA E AS CRUCES (PIÑEIRA), CIRCUNVALACIÓN DE RINLO, SAN XILLAO (VILAFRAMIL), E BARRIO NOVO E CINXE(A DEVESA)) 187.888,25 €

Este incumprimento da regra do gasto que se produciu no exercicio 2018 é debido ao incremento de gasto público entre as dúas anualidades, en concreto con carácter esencial nos capítulos 1 de gastos de persoal e 6 de inversións.

4. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO.

Da análise da información anterior despréndese que a causa que levou a este Concello para incumprir a variable regra de gasto é un incremento de gasto público en varios capítulos, que afectou fundamentalmente aos seguintes:

- En relación co gasto de investimento que se reflicte no capítulo 6 do orzamento municipal, prodúcese un incremento do 54,64 % no exercicio 2018 se o comparamos co da liquidación do orzamento de 2017, debido a que se acometeron unha pluralidade de proxectos de investimento, parte dos cales se financiaron con recursos propios e outros estaban financiados con subvencións, pero neles había que realizar unha achega municipal, con cargo a recursos propios. A variación total de gasto foi de 685.828,02 €.
- Aumento dos gastos de persoal dun 7,79 %, debido a contratacións sobre todo en meses estivais, por encima das subvencións concedidas para iso, así como cobertura puntual de baixas e vacantes para poder manter a prestación de servizos básicos e esenciais. A variación total de gasto foi de 289.573,87 €.

O gasto citado puido realizarse no exercicio 2018, sobre todo o relativo a gasto de inversión, porque se tiña coñecemento no momento de elaborar o orzamento de que se ía ingresar unha contía importante en concepto de IBI urbana, derivada de liquidacións dunha regularización catastral iniciada en 2015. Debido á operativa da recadación que realiza a Deputación de Lugo, na que se atopa delegada a dos tributos esenciais do concello, que ingresa no exercicio seguinte os importes atípicos que se realizan nunha anualidade, xa se preveu no orzamento Xeral de 2018 un importe superior ao que sería normal no concepto 11300.

Isto permitiu financiar xa de inicio gastos de inversión no capítulo 6 que doutro xeito non poderían terse executado. Evidentemente isto trátase dunha situación conxuntural, que non terá repetición nos exercicios futuros, como se demostra coa aprobación do orzamento Xeral de 2019 nunha contía inferior á do precedente, ao axustar o capítulo 1 de ingresos. A diminución neste capítulo entre 2018 e 2019 é case de 400.000,00 €.

Ademais disto, ao tratarse de gasto de inversión, que non se consolida no tempo, e ademais en moitos casos, como no relativo a camiños e vías públicas permite xerar aforros en conceptos de mantemento e conservación do capítulo 2, estímase que á redución de gasto no capítulo 6 se acompañará dunha estabilización do recollido no citado capítulo 2.

Na elaboración do Orzamento Xeral de 2019 compróbase xa que a previsión é de cumprimento tanto da estabilidade orzamentaria como da regra de gasto.

5. PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2019-2020.

5.1. OBXECTIVOS

As liquidacións dos últimos anos do orzamento deste Concello ata 2018 puxeron de manifesto unha situación de cumprimento de tódolos obxectivos da normativa sobre estabilidade orzamentaria, con magnitudes anuais que revelan unha situación económica saneada. Así, o Remanente de tesourería ten un crecemento constante nos últimos anos, a débeda comercial mantense en niveis baixos e cumprindo os prazos de pagamentos a provedores. Os ingresos mantéñense estables, en niveis crecentes de dereitos recoñecidos netos e recadación, coa única excepción salientable do concepto 11300 de IBI urbana coa explicación recollida no apartado anterior.

